

# VIEIROS

PREMIADO

## **Presentación de 'Barcos a pique', a obra gañadora do Blanco-Torres**

A [Facultade de Xornalismo](#) acolleu esta mañá a presentación da obra de Bieito Iglesias *Barcos a pique*, merecedora do V Premio Blanco-Torres de Xornalismo de Opinión. Unha obra que o propio autor definiu como "unha recolección de prosas xornalísticas entendidas como barquiños de papel, fráxiles, efémeros, como acontece coas actualidades".

- 16:33 28/04/2005

No acto de presentación da obra o autor estivo acompañado, entre outras persoas, da vicerreitora de Extensión Cultural, Mar Lorenzo, e do alcalde de Cuntis, que coincidiron en manifestar a vontade das dúas entidades por manter o galardón Blanco-Torres.

Víctor F. Freixanes, membro do xurado na pasada edición, entrevistou para dicir que as condicións que se buscan entre as obras presentadas poden resumirse na "orixinalidade do plantexamento, o estilo literario e unha liña alternativa ao discurso dominante". Condicións que ademais de Bieito Iglesias cumpriron en edicións anteriores: Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín, Raimundo García Domínguez 'Borobó' e Carlos Casares, este último a título póstumo.